



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Enfermería Comunitaria II	Código	750G01019	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeDepartamento profesorado máster			
Coordinación	Freijomil Vázquez, Carla	Correo electrónico	carla.freijomil@udc.es	
Profesorado	Freijomil Vázquez, Carla Martínez Santos, Alba Elena	Correo electrónico	carla.freijomil@udc.es a.msantos@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Asignatura dirixida a dar continuidade ao aprendido na materia Enfermería comunitaria I, levándoa a un nivel maior de profundidade e especialización. Nesta materia desenvolverase a estrutura do sistema sanitario no que acontece o traballo dos enfermeiros comunitarios, e abordaranse os principais e máis actuais retos da saúde pública e a atención primaria en pos de unha atención comunitaria baseada no empoderamento persoal e comunitario onde sexan os propios cidadáns os que lideren o futuro dos coidados que queren recibir no ámbito da comunidade.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Describir o concepto, fundamentos e desenvolvemento da atención primaria de saúde	A26	B1 B3 B8	C1 C7
Definir o concepto de traballo no equipo de saúde, os principios que o determinan e identificando o rol da enfermeira/o comunitaria.	A27	B1 B3 B6 B11 B12 B13 B18 B22	C1 C4 C6 C7 C10 C11
Identificar as necesidades de coidado da persoa, grupos e comunidades	A28 A29 A30 A33	B1 B6 B11 B16	C1 C4 C6 C10
Identificar problemas de saúde (diagnósticos de enfermaría e/o complicacións potenciais) na persoa, grupos e comunidades	A28 A29 A30 A33	B1 B3 B8 B11 B13 B18 B20 B24	C1 C4 C6



Planificar cuidados de enfermaría para os problemas de saúde das persoas, grupos y comunidades	A28	B3	C1
	A29	B6	C4
	A30	B8	C6
	A33	B11	C7
		B12	C10
		B13	C12
		B16	
		B20	
	B24		
Identificar e desenvolver as diferentes fases dos programas de prevención, promoción e educación para a saúde	A26	B1	C1
	A27	B3	C4
	A28	B6	C6
	A29	B8	C7
	A30	B12	C11
	A33	B13	C12
		B16	
		B20	
		B22	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade didáctica I: Atención Primaria de saúde e saúde comunitaria	<ul style="list-style-type: none"> - Atención Primaria de saúde. - Definición de atención familiar e comunitaria. - Estrutura e organización da Atención Primaria en España e en Galicia. - A comunidade e a familia como obxectivo da Atención Primaria. - As intervencións comunitarias. - Modelo de Atención Primaria Orientada á Comunidade (APOC).
Unidade didáctica II: Equipo interdisciplinario de saúde	<ul style="list-style-type: none"> - Evolución, principios, obxectivos e competencias da Enfermaría Familiar e Comunitaria. - A especialidade enfermeira. - A Enfermaría Comunitaria de enlace. Coordinación entre niveis asistenciais/continuidade de cuidados. - Composición do equipo de saúde, funcións e actividades. - A enfermeira no equipo de Atención Primaria.
Unidade didáctica III: Enfermaría Familiar e Comunitaria	<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía enfermeira e Proceso de Atención de Enfermaría na Atención Primaria de saúde. - A consulta de Enfermaría: modelos e tipos de consulta, características, obxectivos, funcións, actividades e metodoloxía de traballo na consulta. - Instrumentos de atención directa: entrevista clínica, entrevista motivacional, entre outras. - Atención Domiciliaria en Enfermaría. Concepto, tipos, obxectivos, etapas e metodoloxía de traballo. - A familia como unidade básica de atención de Enfermaría, estrutura e dinámica familiar. - A xestión de casos e mapeo comunitario dende a Enfermaría Familiar e Comunitaria. - Calidade e seguridade en Atención Primaria de saúde e en Enfermaría Comunitaria.



Unidade didáctica IV: Educación para a saúde	<ul style="list-style-type: none"> - A educación sanitaria na comunidade. - Concepto de educación para a saúde. Obxectivos. Axentes. - Métodos e técnicas didácticas na educación sanitaria. - A comunicación e a educación para a saúde. - Promoción da saúde e prevención da enfermidade (vacinacións, cribados, entre outros).
Unidade didáctica V: Atención de Enfermaría nos problemas de saúde prevalentes na comunidade	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de atención á saúde infantil, do escolar e do adolescente. - Programa de atención á muller. - Programa de atención ao adulto. - Programa de atención á persoa maior. - Procesos e subprocesos de Enfermaría na atención integrada dos problemas de saúde crónicos na comunidade: atención de Enfermaría na hipertensión arterial, na diabetes mellitus, no EPOC, nas úlceras e feridas, entre outros.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B6 B11 B20 B24 C1 C4 C6 C7	21	21	42
Aprendizaxe colaborativa	B1 B3 B8 B12 B18 B20 B22 C11	14	49	63
Traballos tutelados	A26 A28 A30 A33 B1 B3 B11 B13 B16 B20 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	6	12	18
Proba obxectiva	A26 A27 A28 A29 A30 B6 B8 B13 C10 C11	2	23	25
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Aprendizaxe colaborativa	Resolución de problemas ou desenvolvemento de tarefas de modo colaborativo, non só sumando talento individual, se non aprendendo a construír un grupo con capacidade para resolver problemas e ofrecer respostas creativas ante os novos escenarios sociais que poidan atopar.
Traballos tutelados	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, practicas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente practicas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado e en escenarios variados con profesionais expertos.



Proba obxectiva	Proba tipo test de resposta única. As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: Puntuación= nº de acertos-(nº erros/3) ou nº de acertos-(nº de errosx0.33).
-----------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa	Atención persoalizada a demanda do alumno, coa finalidade de esclarecerlle dúbidas en torno aos contidos da materia, ao estudo dos casos ou calquer problema persoal que lle poida dificultar a comprensión ou o seguimento da materia. A través da titoría (presencial ou a distancia), o profesorado aborda a resolución de dúbidas e orienta ao estudo. Con tal fin, o alumnado dispón dun horario oficial de titorías, que poderán realizarse de modo presencial ou a través dos medios institucionais da UDC de atención a distancia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A26 A27 A28 A29 A30 B6 B8 B13 C10 C11	Proba tipo test con 40 preguntas e unha única resposta correcta. As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: Puntuación= nº de acertos-(nº erros/3) ou nº de acertos-(nº de errosx0.33). A realización da proba é obrigatoria e computa o 70% da nota final. Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades.	70
Traballos tutelados	A26 A28 A30 A33 B1 B3 B11 B13 B16 B20 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	O alumnado dividirase en grupos de número reducido. A realización do traballo é obrigatoria e computa o 10% da nota final. Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades. Deberanse entregar os traballos tutelados na data que se indique no campus virtual. Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados. A asistencia e participación activa na aula é obrigatoria.	10
Aprendizaxe colaborativa	B1 B3 B8 B12 B18 B20 B22 C11	É unha actividade obrigatoria de grupo na que se presentan ao alumnado tarefas para solucionar en conxunto. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía, exposición oral e participación nos seminarios. A entrega das tarefas é obrigatoria e computa o 20% da nota final. Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades. Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados. A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo é obrigatoria.	20

Observacións avaliación



Para superar a materia no SISTEMA ORDINARIO (obligatorio para todo o alumnado con matrícula ordinaria) o/a estudante debe superar cada unha das partes: traballos tutelados (10%), aprendizaxe colaborativa (20%) e proba obxectiva (70%). No caso de que non supere algunha das partes da materia, a nota que lle figurará ao/a estudante no expediente académico será a calificación obtida tras a ponderación de cada parte se é inferior a 5, en outro caso a nota será de 4,5. A cualificación de non presentado: otorgarase ao alumnado que non se presente ao exame nin participe nas actividades programadas. O alumnado da convocatoria adiantada de Decembro e Segunda Oportunidade, debe cumprir os mesmos requisitos que nas convocatorias ordinarias. O alumnado con matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica poderá optar a non acudir as actividades grupais presenciais, pero deberá traballar nas actividades programadas (según a documentación do campus virtual) e presentalas de forma individual no campus virtual. Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Aqueles alumnos/as que cursen a materia e superen as tarefas de aprendizaxe colaborativa e os traballos tutelados solicitados poderán volver a cursar toda a materia novamente ou presentarse só a proba obxectiva, tendo en conta que a cualificación da mesma fará media coa cualificación obtida no curso académico no que cursase o resto de actividades. Para optar á matrícula de honra, o alumnado deberá acadar unha calificación final entre 9,6 - 10. SEGUNDA OPORTUNIDADE E OUTRAS: O/a estudante de "2ª oportunidade e outras" seguirá o sistema de avaliación da 1ª oportunidade. Poderá presentar as actividades académicas pendentes, ou as non superadas, e acudir á proba obxectiva. ESTUDANTES DE MOVILIDADE SICUE/ERASMUS: Os/as estudantes de mobilidade SICUE/ERASMUS acolleranse ao sistema ordinario de avaliación descrito anteriormente. REALIZACIÓN FRAUDULENTE DAS PROBAS OU DAS ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa: o/a estudante será cualificado/a con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Martínez Riera JR, Del Pino Casado R. (2013). Manual práctico de Enfermería Comunitaria. Barcelona, Elsevier
- Martín Zurro A, Cano Pérez J.F. (2014). Atención Primaria. Barcelona, Elsevier
- Ayuso Murillo D, Tejedor L, Serrano A (2015). Enfermería Familiar y Comunitaria. Madrid, Díaz de Santos
- Bulechek Gloria, Butcher Howar (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona, Elsevier
- Organización Mundial de la Salud (1999). Salud 21. Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Formación Alcalá (2017). Enfermería Familiar y Comunitaria. . Jaen: Formación Alcalá
- Moorhead Sue, Johnson Marion (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NOC). Barcelona, Elsevier
- Johnson Marion, Bulechek Gloria (2011). Interrelaciones NANDA NOC Y NIC. Barcelona, Elsevier
- Clavijo Chamorro MZ (2011). Educación sanitaria enfermera. Junta de Andalucía, Consejería de Cultura
- Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmobilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade
- Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ (2005). Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade
- Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman JM, Wagner CM, editores. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NIC). 6ª ed. . Madrid: Elsevier
- Herdman, TH (2015). NANDA International (2019). Diagnósticos Enfermeros. Definiciones y Clasificación. 2018-2020. Barcelona: Elsevier
- (). www.fisterra.com/.
- (). www.sergas.es/.
- (). www.agefec.org/web.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermería Comunitaria I/750G01014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Observacións

OBXECTIVOS DE DESEÑO SOSTIBLE: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción del Programa Green Campus". A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través do campus virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. **IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN:** Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. **PLAXIO:** Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa do seu orixe e, se é o caso, o permiso do autor/a, será calificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen perxuízo das responsabilidades disciplinarias ás que poidera haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías